

## OS CAZAPROBAS

En grupos de 4 – 5 alumnos / as. A cada grupo se lle entregan, en distinta orde, os folios que aparecen a continuación, nos que hai unha serie de fotos do pavillón; na zona da foto que aparece atoparán unha proba nun sobre ( para cada proba teremos preparado o material que se empregará nela ). Cando esa proba se dé por superada polo mestre /a continúan coa seguinte foto ata acabar co percorrido das dezaseis fotos que se lles entregou. Este xogo pode levar unha ou dúas sesións, dependendo do número de fotos e a complexidade das probas.

As probas poden ser como as seguintes:

- Transportar a tódolos membros do grupo dun xeito diferente.
- Pintar a fronte co seu nome.
- Facer unha poesía co nome de tódolos membros do grupo.
- Cubrir con papel de periódico a un dos membros do grupo.
- Desprazarse todos xuntos facendo un percorrido cos cordóns dos deportivos atados.
- Facer un vehículo ( cunha corda, globos, ... ) e desprazarse todos xuntos polo circuito indicado.
- Vestir a un dos membros do equipo cunha cantidade de roupa indicada aportada polo resto do grupo.
- Buscar unha moeda nun prato de fariña.
- Sacar un obxecto dun cubo cheo de auga.
- Averiguar o número de escaleiras que hai nunha zona do pavillón.
- Buscar ao conserxe e multiplicar por 43 o número que nos da.
- Intercambiarse entre os membros do grupo unha peza de roupa por cada neno / a.
- Facer un percorrido en equipo pasando de atrás hacia adiante por debaixo das pernas dos demais no grupo.
- Bailar o “ Minué ” diante do mestre.
- Construír unha angarela co material que ofrece o pavillón e transportar a un do grupo para demostralo.
- Contar o número de árbores, contenedores de lixo, etc., do centro.



Vestuario 3



FILA 3





